

COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de febreiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTA: D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas DEPUTADOS/AS: D. ^a M. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. ^a Ana M. ^a Villarino Pardo D. Miguel A. Cid Álvarez D. Adolfo González Novoa D. José Ignacio Gómez Pérez D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 14 de febreiro de 2019 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de dona M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
---	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2019.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xaneiro de 2019, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA CONTRA A DISCRIMINACIÓN DA PROVINCIA DE OURENSE NO TOCANTE AO SERVIZO DE

HEMODINÁMICA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Popular (6) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1. Esixir á Xunta de Galicia, de maneira inmediata, a implantación do servizo de hemodinámica 24 horas, os 7 días da semana no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
2. Que a Deputación de Ourense esixa da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade e do propio Sergas que poñan fin á discriminación á que teñen sometida a Ourense en materia de servizos sanitarios.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, reitera a pregunta realizada na anterior comisión na que solicitaba copia das enquisas realizadas ao persoal da Deputación Provincial con motivo da aprobación do Plan de Igualdade e información por escrito sobre os proxectos de emprego xuvenil solicitados pola Deputación Provincial.

A **presidenta da comisión** insiste en que o dito informe está sendo recompilado desde a Área de Transparencia en colaboración coa Área de Benestar e que unha vez estea se trasladará á solicitante.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, reitera tamén a pregunta xa formulada sobre o estado de execución do acordo adoptado polo Pleno para a mellora da atención primaria na provincia.

A **presidenta da comisión** indica que a dita pregunta será contestada por escrito á maior brevidade.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, indica que nas semanas anteriores, nos concellos, se recibiu información acerca dunha nova liña de subvención

para emprego xuvenil con cargo a fondos comunitarios, solicitando información sobre se a Deputación Provincial vai participar na dita convocatoria e a incidencia desta nos concellos da provincia.

A **presidenta da comisión** indica que se solicitará información e se contestará por escrito.

E, ás 17.06 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.